

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Recursos para a atención á diversidade e Plan xeral de atención á diversidade

Ferrol, 30 de maio de 2024

M^a Magdalena Duarte Blanco
Inspección Educativa da Coruña



ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Esquema-guión:
 - Recursos para a atención á diversidade:
 - Recursos materiais.
 - Recursos humanos.
 - Os centros de educación especial como centros de referencia e apoio.
 - Plan xeral de atención á diversidade.
 - Protocolos para a atención á diversidade:
 - Protocolo de acoso escolar e ciberacoso.
 - Protocolo de prevención do risco suicida.
 - Protocolo de protección de datos.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Dereito aos recursos** (art. 77 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - A **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades** garante unha **equitativa distribución dos recursos** no sistema educativo, por entender que son **un dereito** do alumnado e unha forma de contribuír á **calidade educativa, á atención á diversidade e á inclusión**.
 - Entre eses recursos están os recursos materiais e os recursos humanos.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos materiais** (art. 78 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Os centros docentes contarán co **equipamento material necesario** para atender as necesidades educativas da totalidade do alumnado que escolarizan.
 - Entre ese equipamento considérase a **accesibilidade** ás súas instalacións e/ou dependencias.
 - A Consellería dotará dos **servizos materiais complementarios adaptados** ao alumnado con NEAE que os precise. Esa necesidade deberá **acreditarse nos informes e/ou ditames** correspondentes.
 - Os **centros docentes supervisarán o uso** que o alumnado fai dos servizos materiais complementarios adaptados.
 - Os recursos que o alumnado xa non empregue **trasladaranse ao centro de educación especial** da área de influencia do centro ordinario, e pasarán a formar parte do seu **banco de recursos**.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos materiais. Procedemento de solicitude:**
 - Solicitude de demanda do centro educativo para a intervención do EOE incluíndo:
 - Informe/ditame do DO xustificando a necesidade.
 - Tres presupostos diferentes.
 - Constancia de información á familia.
 - Informe/ditame do EOE.
 - Informe do servizo territorial de inspección educativa.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos humanos:**
 - **Departamentos de orientación. Competencias IES e CPI (I) (art. 5 Orde 24/07/98):**
 - a) **Valorar as necesidades educativas**, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención do seu ámbito de actuación.
 - b) **Elaborar**, de acordo coas directrices establecidas pola CCP, **as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do PAT**, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
 - c) **Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro**, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con NEE e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
 - d) **Deseñar accións encamiñadas á atención temperá**, se é o caso, do seu alumnado e o dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e alumnas.
 - e) **Participar na avaliación psicopedagóxica** conforme a normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**

- **Recursos humanos:**

- **Departamentos de orientación. Competencias nos IES e CPI (II) (art. 5 da Orde 24/07/1998):**

- f) **Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios** para adquirir habilidades básicas de vida e enfrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.
 - g) **Informar o alumnado dos recursos laborais e profesionais** ao seu alcance e propoñer a realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.
 - h) **Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos** no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.
 - i) **Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa** nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
 - l) **Promover a cooperación entre o centro e as familias**, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, á construción do autoconcepto e da autoestima e no proceso de toma de decisións.
 - m) **Establecer canles de comunicación** cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
 - n) Nos institutos onde se imparta formación profesional, **coordinar a orientación laboral e profesional** con outras administracións ou institucións.
 - o) Aqueloutras que a Administración educativa lles puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos humanos:**
 - **Funcionamento dos DO en centros con orientación compartida (OC) (Circular 10/2010):**
 - As **xefaturas dos DO** que teñan como **centro base** un centro con **orientación compartida (OC)** e contén con algún **centro compartido (CC)** realizarán o seu traballo nos distintos centros, cun **reparto semanal do horario proporcional ao nº de unidades** de cada centro.
 - **En cada centro**, tanto no centro base (OC) como no compartido (CC), **constituírase un DO**, e **elaborarase o plan de orientación educativa**, de acordo co disposto no art. 13 da Orde do 24/07/1998, e **celebraranse as reunións previstas** no art. 14 da citada Orde, **alternando ambos centros**.
 - Aos efectos de participación nas reunións do **claustro** e, de ser o caso, do **consello escolar**, **as xefaturas dos DO compartida participarán no claustro e/ou no consello escolar do centro base** (o que figura **catalogado como OC**).
 - As **xefaturas dos DO** que teñan centros adscritos (A) contemplarán a **atención destes** no seu **plan de orientación**.
 - Os **equipos directivos dos centros con OC e CC** deberán **coordinarse para evitar simultaneidade das reunións e facilitar a presenza da xefatura do DO en cada centro**. Tamén porán a **disposición da xefatura do DO os recursos necesarios** para o desenvolvemento da función orientadora.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos humanos:**
 - **Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (art. 48 da Orde do 8 de setembro do 2021):**
 - 1. O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.
 - 2. As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área, a materia, o ámbito ou o módulo en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.
 - 3. O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos humanos:**
 - **Apoio do profesorado especialista en PT/AL** (art. 38-39 do Decreto 229/2011):
 - A **Consellería establecerá os criterios prioritarios** para a optimización dos recursos humanos na atención ao alumnado con NEAE.
 - Os centros docentes contarán coas persoas profesionais especializadas que necesiten para atender as NE da totalidade do alumnado que escolarizan. Entre eses profesionais incluírase o **profesorado de PT e AL** que se estableza de acordo co **número de unidades**.
 - A Consellería realizará **dotacións excepcionais** de profesorado **de PT/AL** de acordo co n.º de **alumnado con NEE**, identificado polos servizos de orientación, e co informe do servizo de inspección. Ao profesorado de apoio correspondente a estas dotacións excepcionais poderáselle encomendar a **atención doutros centros**, en **réxime de itinerancia**.
 - A **proposta de organización** da atención ao alumnado por **PT/AL** e, de ser o caso, **doutros profesionais**, será **realizada pola XDO**, de acordo cos **criterios establecidos no PXAD** e coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de PT e/ou AL.
 - Os **centros**, dentro da **autonomía** organizativa, pedagóxica e de xestión, **distribuirán e optimizarán** os seus recursos segundo a súa planificación educativa e o seu **PXAD**.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Recursos para a atención á diversidade:
 - Recursos humanos:
 - Apoio do profesorado especialista en PT/ AL (art. 57 Orde 8 setembro de 2021):
 - Recurso **dirixido** especialmente á atención educativa do **alumnado con NEE**, sen prexuízo de que, **excepcionalmente**, atenda outro **alumnado NEAE**.
 - Exercerá as **funcións**, con **carácter prioritario**, nas **etapas de EI, EP e ESO**.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos humanos:**
 - **Apoio do profesorado especialista en PT/ AL** (art. 57 Orde 8 setembro de 2021):
 - **Realizará as seguintes funcións específicas:**
 - **Colaborar** coa XDO na proposta de **organización do apoio**.
 - **Prestar atención directa** ao alumnado con NEE/NEAE.
 - **Elaborar programas de intervención** para o alumnado que atende.
 - **Colaborar na elaboración das AC**, así como no **seguimento e avaliación**.
 - **Participar na planificación e desenvolvemento das actuacións e medidas** que favorezan a inclusión.
 - **Asistir ás sesións de avaliación** do alumnado que atende, **con voz e sen voto**.
 - **Elaborar**, ao finalizar o curso escolar, un **informe individual** de cada alumna/o a quen prestase apoio.
 - **Outras funcións** que a Administración educativa lles poida asignar.
 - O apoio **de AL** centrarase prioritariamente nos **ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala**.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos humanos:**
 - **Apoio do profesorado especialista en PT/AL** (art. 57 Orde 8 de setembro):
 - Os programas de intervención, deberán considerar, cando menos:
 - As **competencias adquiridas e as necesidades educativas** da alumna ou do alumno.
 - O **currículo de referencia ou o adaptado**, en caso de AC.
 - O **enfoque metodolóxico** do profesorado de apoio en relación co que aplica o profesorado ordinario.
 - A **coordinación co profesorado tutor e co profesorado da área/materia** na que o alumnado recibe apoio.
 - O **seguimento e a avaliación** do programa.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos humanos:**
 - **Apoio do profesorado especialista en PT/AL** (art. 57 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Ao **finalizar o curso escolar**, o profesorado de apoio **elaborará** unha **memoria** na cal **incluírá**, cando menos, **os seguintes aspectos**:
 - **Cantidade de alumnado que apoiou** ao longo do curso, con **indicación da ensinanza e do nivel educativo**.
 - Valoración da **coordinación co profesorado titor e co profesorado das áreas** nas que realizou o apoio.
 - Valoración da **repercusión das medidas de apoio** no alumnado.
 - **Previsións** para o curso seguinte e **propostas de mellora**.
 - A **memoria entregarase á xefatura do DO** para incluír, como anexo, na **memoria anual dese departamento**.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos humanos:**
 - **Apoio do profesorado especialista en PT/AL (art. 57 Orde 8 de setembro):**
 - **A docencia de PT/AL realizarase, con carácter xeral, na aula ordinaria.**
 - **Fóra da aula ordinaria non poderá exceder 1/3 dos períodos lectivos, agás en modalidades de escolarización diferente da ordinaria.**
 - **As intervencións de AL fóra da aula ordinaria só ocuparán unha fracción do período lectivo.**

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos humanos:**
 - **Apoio do profesorado especialista en PT/AL. Consideracións:**
 - Organización con base aos recursos existentes e motivación suficiente cara novas demandas adicionais, de ser o caso.
 - Recursos existentes debidamente ordenados, organizados e con prioridades ben definidas.
 - Todas as saídas de aula co profesorado de PT/AL deben estar debidamente xustificadas/motivadas e con coñecemento das persoas proxenitoras ou persoas que exerzan a tutoría legal do/a alumno/a.
 - Os apoios para alumnado con medidas ordinarias de atención á diversidade (por exemplo reforzos educativos) serán atendidos prioritariamente polo profesorado ordinario con dispoñibilidade horaria.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Recursos para a atención á diversidade:
 - Recursos humanos:
 - **Horario do profesorado itinerante (Circular 10/2008 e Acordo do 18/2/2008):**
 - O **profesorado itinerante** terá dereito a percibir os custos de locomoción, polos días que traballe no/s centro/s distinto/s do centro base.
 - Sempre que **sexa posible** dentro da organización dos centros, **os períodos de recreo non se utilizarán para itinerar**. O profesorado itinerante deberá **atender**, como o resto do profesorado, **ao alumnado no período de recreo**.
 - Na elaboración dos horarios do profesorado itinerante terase en conta unha **compensación horaria lectiva semanal conforme á seguinte táboa**:
 - Ata 50 km: 2 horas.
 - Desde 51 ata 100 km: 3 horas.
 - Desde 101 ata 150 km: 4 horas.
 - Máis de 150 km: 5 horas.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Recursos para a atención á diversidade:
 - Recursos humanos:
 - **Persoal auxiliar coidador** (art. 80 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - **Recurso de apoio aos centros** para atender o alumnado con NEE escolarizado no 2º ciclo de EI, EP, ESO e, excepcionalmente, en secundaria postobrigatoria, **que presente** algunha das seguintes **necesidades**:
 - a) De **ser acompañado** en todos ou en parte dos **desprazamentos**.
 - b) De **asistencia na hixiene e aseo**.
 - c) De **asistencia imprescindible na alimentación**.
 - d) De **cambios posturais frecuentes** ao longo da xornada escolar, para os que careza da autonomía necesaria.
 - e) Ausencia de **hábitos básicos** de **autonomía** e de **vida en sociedade**.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos humanos:**
 - **Persoal auxiliar coidador. Funcións** (art. 80 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - a) **Atender o alumnado en:**
 - entradas e saídas;
 - hábitos de hixiene, aseo e alimentación;
 - recreos, xogos e tempos de lecer;
 - cambios de actividade e demais necesidades análogas.
 - Esas atencións tamén se estenden ás noites no caso de alumnado internado en CEE.
 - b) **Realizar os cambios** e o control postural que ese alumnado necesite.
 - c) **Facilitar os traslados** polos espazos do centro.
 - d) **Contribuír ao coidado** durante o período lectivo, mesmo dentro da aula cando resulte necesario.
 - e) **Colaborar na atención** dese alumnado **durante o tempo de recreo**, xogo e/ou lecer.
 - f) **Atender** o alumnado **durante o servizo de comedor**, así como no tempo anterior e posterior.
 - g) Nos **casos excepcionais**, **acompañar na ruta escolar**.
 - h) **Colaborar nas actividades complementarias**.
 - i) **Participar nas reunións** nas que se aborden temas relacionados co alumnado que atende.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Recursos para a atención á diversidade:
 - Recursos humanos:
 - **Persoal auxiliar coidador** (art. 80 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - A **intervención** do persoal auxiliar coidador **será gradual**, de maior a menor atención, en función do **nivel de autonomía que o alumnado que atende vaia adquirindo**.
 - A **ratio** de persoal auxiliar coidador/alumnado con NEE **non excederá de 1/6**.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Recursos para a atención á diversidade:
 - Recursos humanos:
 - **Persoal intérprete de lingua de signos e guías-intérpretes de persoas con xordocegueira** (art. 81 da Orde do 8 de setembro):
 - **Recurso extraordinario** de apoio aos centros docentes que escolarizan alumnado con NEE asociadas a **discapacidade auditiva e/ou xordocegueira, en grao severo ou profundo**, e escolarizado no 2º ciclo de EI, EP, ESO, en educación secundaria postobligatoria e nas ensinanzas de persoas adultas.
 - Elaborarán **un plan de intervención**, segundo as **liñas establecidas no Plan xeral de atención á diversidade**, así como unha **memoria anual**, que se incluírá na memoria anual do devandito plan.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Recursos para a atención á diversidade:
 - Recursos humanos:
 - **Persoal Intérprete de lingua de signos e guías-intérpretes de persoas con xordocegueira. Funcións** (art. 81 da Orde do 8 de setembro):
 - **a) Normalizar** a situación da comunicación para **facilitar o acceso ao currículo** do alumnado con discapacidade auditiva e/ou xordocegueira, favorecendo a comunicación cos membros da comunidade educativa.
 - **b) Colaborar cos equipos docentes** e con outras persoas profesionais que interveñan no proceso educativo, favorecendo a inclusión e a eliminación de barreiras á comunicación, tanto mediante a utilización da lingua de signos como colaborando no uso doutros SAAC.
 - **c) Establecer**, cos equipos docentes e co DO, **canles de coordinación** que posibiliten a **adaptación das programacións didácticas e de aula** ás necesidades educativas do alumnado con discapacidade auditiva e/ou xordocegueira.
 - **d) Colaborar na formación especializada** dos equipos docentes e do resto de profesionais que interveñen no proceso educativo do alumnado con discapacidade auditiva e/ou xordocegueira.
 - **e) Desenvolver canles de colaboración coas familias**, así como con entidades, asociacións ou organizacións relacionadas co alumnado con discapacidade auditiva e/ou xordocegueira, de acordo cos criterios que se establezan no PXAD.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos humanos:**
 - **Solicitude e continuidade do persoal auxiliar coidador e do persoal intérprete de lingua de signos e guías-intérpretes de persoas con xordocegueira (art. 82 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - A **solicitude inicial** realizarase na **primeira quincena de maio**. **Excepcionalmente, poderán realizarse solicitudes fóra** dese prazo por causas debidamente xustificadas.
 - A continuidade **deberá revisarse todos os cursos, durante o mes de maio**, mediante solicitude de continuidade, xunto cun informe do DO, que xustifique a necesidade.
 - A **Xefatura Territorial poderá requirir ao EOE un ditame complementario, e terá en consideración o informe do servizo territorial de inspección educativa.**
 - O **equipo directivo, co asesoramento da xefatura do DO, será o responsable de organizar o horario deste persoal.**
 - **Recurso ao dispor do centro, non un recurso unipersoal.** Poderá prestar atención a varios/as alumnos/as, en función do horario laboral e das NE. A atención que preste ao alumnado estará en función do que figure nos ditames de escolarización.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos humanos:**
 - **Equipos de orientación específicos (Decreto 120/1998, Orde do 24/07/1998):**
 - **Ámbito de actuación:**
 - Provincial.
 - **Especialidades:**
 - Orientación vocacional e profesional.
 - Discapacidades sensoriais.
 - Discapacidades motoras.
 - Altas capacidades intelectuais.
 - Trastorno do espectro do autismo.
 - Trastornos graves de conduta.
 - Traballo social/educación social.
 - Audición e linguaxe.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos humanos:**
 - **Funcións dos EOE (art. 18 da Orde do 24/07/1998):**
 - **Colaborar** nas actuacións encamiñadas á **prevención e atención temperá** que faciliten ao alumnado o seu desenvolvemento evolutivo.
 - **Asesorar e apoiar** aos DO da provincia.
 - **Desenvolver programas de investigación**, elaboración, recompilación e difusión de recursos para dar resposta ás NEE do alumnado.
 - **Asesorar aos DO na atención á diversidade** do alumnado e colaborar na aplicación de medidas educativas apropiadas.
 - **Colaborar cos DO nas avaliacións psicopedagóxicas**, cando sexa necesaria a intervención dun profesional externo ao centro, e participar, de ser o caso, nos **ditames de escolarización**.
 - **Contribuír á formación especializada** dos DO e do profesorado no ámbito das NEE que atenden.
 - **Colaborar con outros servizos e institucións** que desenvolvan actividades no campo educativo, laboral, social, da saúde, etc.
 - **Cooperar** cos DO no deseño, desenvolvemento e avaliación de **programas de intervención** das súas especialidades.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos humanos:**
 - **Intervención dos EOE nos centros educativos:**
 - Por motivos debidamente xustificados, a intervención dos membros dos EOE nos centros educativos poderá producirse:
 - A requirimento da xefatura do DO ou da dirección do centro:
 - Anexando informe da xefatura do DO.
 - Constancia da información aos/ás pais/nais
 - Visto e praxe da inspección educativa.
 - A petición directa da inspección educativa ou da Xefatura Territorial correspondente.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Recursos para a atención á diversidade:
 - Recursos humanos:
 - Criterios prioritarios intervención do EOE (Circular curso 2023-2024 do EOE da Coruña):
 - 8. Por parte das persoas especialistas do EOE atenderanse as solicitudes de intervención aplicando os seguintes criterios prioritarios:
 - 1º. Requirimento da administración educativa.
 - 2º. Escolarización ou cambio na modalidade de escolarización.
 - 3º. Primeiras valoracións.
 - 4º. Intervencións preventivas e globais.
 - 5º. Demandas de quenda xeral (sen especificar) de carácter prioritario.
 - 6º. Intervencións nas que se aplicaron previamente estratexias dadas polo EOE.
 - 7º. Seguímentos.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Recursos para a atención á diversidade:
 - Recursos humanos:
 - Centros ordinarios de escolarización preferente (art. 28 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Son **aqueles** que, ademais de atención educativa ordinaria, se **habilitan** para **atender alumnado con NEE** que **precisa recursos** humanos ou materiais **específicos e de difícil xeneralización** na totalidade dos centros sostidos con fondos públicos.
 - A **escolarización do alumnado con NEE** realizarase mediante **resolución da Xefatura Territorial**.
 - O **alumnado con NEE** que deba ser escolarizado nun **centro de escolarización preferente** terá como **referente o currículo** do ciclo ou do nivel **que curse** e contará cos **recursos e medidas educativas ordinarias ou extraordinarias** que precise, as cales se reflectirán no informe psicopedagóxico e no ditame de escolarización.
 - A **habilitación** farase mediante **resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos**, por proposta da Xefatura Territorial correspondente, considerando os ditames dos servizos de orientación e informes da inspección educativa. Nesa resolución especificaranse as **NEE** para as cales se **habilita**.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Recursos para a atención á diversidade:
 - Recursos humanos:
 - Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (Resolución do 20 de xuño de 2023):
 - Cada centro que se incorpore a esta Rede constituirá a Unidade de Acompañamento e Orientación persoal e familiar (**UACO**).
 - Cada **UACO** está constituída por **unha persoa responsable** do desenvolvemento de **actuacións de apoio e seguimento ao alumnado especialmente vulnerable**, así como **das súas familias, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos**, que deberá contar con **formación específica** acreditada en **mediación, habilidades sociais e educación emocional**.
 - As **UACO** teñen como **función específica acompañar as traxectorias educativas do alumnado máis vulnerable e as súas familias**, para previr fracasos e promover a aprendizaxe e éxito escolar, sempre en colaboración e **coordinación co profesorado que estea a intervir co devandito alumnado**.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Recursos para a atención á diversidade:
 - Recursos humanos:
 - Rede RAOGAL. Funcións (Resolución do 20 de xuño de 2023):
 - a) Acompañamento, motivación e seguimento personalizado do alumnado máis vulnerable educativamente, escolarizado en centros educativos sostidos con fondos públicos, para previr o absentismo e contribuír á redución do abandono escolar.
 - b) Colaboración e coordinación cos equipos docentes e cos departamentos de orientación dos centros educativos sostidos con fondos públicos onde estea escolarizado o alumnado susceptible desta intervención. A persoa responsable da UACO só poderá iniciar a súa intervención previa solicitude por parte dos centros educativos do seu ámbito xeográfico de actuación. A intervención con ese alumnado ten un carácter complementario ás actuacións que realizan os departamentos de orientación, polo que deberán ser tidas en conta as actuacións previas efectuadas por estes.
 - c) Impulso da implicación e colaboración das familias para asegurar unhas condicións óptimas de educabilidade.
 - d) Coordinación e colaboración cos concellos, redes socioeducativas e outras entidades para acadar un éxito escolar máis equitativo e inclusivo.
 - e) Complementar aquelas accións do Programa de Cooperación Territorial PROA+, ou doutros que existan no seu ámbito xeográfico de actuación, especificamente dirixidas a favorecer o éxito escolar do alumnado en situación de vulnerabilidade educativa.
 - f) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar en relación co desenvolvemento da Rede.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Recursos para a atención á diversidade:
 - Recursos humanos:
 - **Rede RAOGAL. Persoal responsable da UACO:**
 - Terán **dedicación completa e exclusiva** para o desenvolvemento das súas funcións, o que será **incompatible** co desempeño de calquera outro cargo no centro educativo.
 - Realizarán un **seguimento periódico** das súas actuacións e elaborarán unha **memoria intermedia e outra final** que deberá incluír, entre outros:
 - Os criterios de selección do alumnado beneficiario.
 - As actuacións realizadas con cada un deles e os resultados e impacto obtidos.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Recursos para a atención á diversidade:
 - Recursos humanos:
 - Funcións do persoal especialista en medicina (D.A. 9ª da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia):
 - Asume a **responsabilidade dos servizos médico-sanitarios** en relación coas persoas usuarias a través de estudos diagnósticos individuais e condicións de salubridade da contorna, de acordo cos servizos de seguridade e hixiene no traballo, que lle permita unha axeitada medicina preventiva e asistencial.
 - **Avaliación das condicións de saúde** para os efectos dos **recoñecementos oficiais de discapacidade e/ou dependencia**, ou para a derivación a recursos sociais axeitados ás necesidades da persoa.
 - **Prescripción e seguimento de tratamentos médicos e preventivos**.
 - **Programación e supervisión de menús e dietas alimenticias** das persoas usuarias.
 - **Asistencia ao persoal con destino no centro nos supostos de necesidade e urxencia**.
 - **Participación nas reunións de equipos multidisciplinares** para a elaboración de programas individuais de atención e nas orientacións que precisen as persoas usuarias.
 - **Información e orientación ao persoal con destino nos centros dos posibles riscos para a súa saúde** que presenten as persoas usuarias, así como das medidas profilácticas que se deben adoptar.
 - **Orientación e participación na formación** doutros profesionais do centro e dos familiares das persoas usuarias.
 - **Participación nas xuntas e sesións de traballo** que se convoquen no centro.
 - En xeral, todas aquelas actividades non especificadas anteriormente incluídas dentro da súa profesión e preparación técnica.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos humanos:**
 - **Funcións do persoal especialista en enfermaría** (D.A. 9ª da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia):
 - **Vixilancia e atención ás persoas nas súas necesidades sanitarias**, en especial no momento en que requiran os seus servizos.
 - **Preparación e administración dos medicamentos segundo as prescricións facultativas.**
 - **Planificación e realización** dos traballos propios de enfermaría.
 - **Colaboración co persoal médico**, preparando o material e os medicamentos que teñan que ser utilizados.
 - **Ordenación do material de enfermaría.**
 - **Ordenación das historias clínicas**, coa anotación nelas de cantos datos relacionados coa propia función deban figurar nelas.
 - **Supervisión do aseo persoal, da subministración de comidas** das persoas usuarias encamadas, **así como dos cambios posturais preventivos**, efectuando xunto coa persoa auxiliar de enfermaría ou coidadora a realización dos non preventivos.
 - **Control da hixiene persoal das persoas usuarias**, así como dos **medicamentos e alimentos** que estes manteñen nas habitacións.
 - **Atención ás necesidades sanitarias que presente o persoal** que traballa no centro **en caso de necesidade ou urxencia.**
 - **Colaboración coas persoas fisioterapeutas** nas actividades das que a existencia de cualificación sexa compatible coa súa titulación, cando as súas funcións específicas llo permitan.
 - **Realización de pedidos de farmacia.**
 - **Realización de analíticas** nos centros que estean dotados deste servizo. En ausencia, realización de pedidos de analítica e radioloxía.
 - **Vixilancia e coidado da execución das actividades de tipo físico prescritas polo persoal médico**, observando as incidencias que puideran aparecer.
 - **Organización, canalización e supervisión das consultas externas** que pola súa natureza non se poidan realizar no centro.
 - **Preparación da persoa usuaria falecida** xunto coa persoa auxiliar de enfermaría ou coidadora.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Recursos humanos:**
 - **Funcións do persoal especialista en fisioterapia** (D.A. 9ª da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia):
 - **Realización dos tratamentos de fisioterapia** dentro do ámbito da súa competencia.
 - **Participación no equipo multidisciplinar do centro** para a realización de probas ou valoracións relacionadas coa súa especialidade.
 - **Seguimento e avaliación da aplicación do tratamento** que realice.
 - **Coñecemento, avaliación e información da aplicación de tratamentos da súa especialidade**, cando se produza mediante a **utilización de recursos alleos**.
 - **Coñecemento dos recursos propios da súa especialidade** no ámbito provincial e autonómico.
 - **Participación en xuntas e sesións de traballo no centro**.
 - **Colaboración**, en materia da súa competencia, **nos programas de formación e información** a familias e institucións.
 - **Asesoramento aos profesionais** que o precisen **sobre mobilizacións e tratamentos** en que teñan incidencias as técnicas de fisioterapia.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Recursos para a atención á diversidade ():
 - Recursos humanos:
 - Funcións do persoal educador (D.A. 9ª da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia):
 - Participación no seguimento e na avaliación do proceso recuperador ou asistencial das persoas usuarias.
 - Relación cos familiares das persoas usuarias, proporcionándolles orientación e apoio.
 - Coordinación das actividades da vida diaria das persoas usuarias.
 - Programación e participación nas áreas de ocio e tempo libre.
 - Programación e execución das actividades educativas e formativas das persoas usuarias que o requiran en centros ocupacionais e CAPD.
 - Participación no equipo multidisciplinar para a realización de probas ou valoracións relacionadas coas súas funcións.
 - Participación nas xuntas e sesións de traballo no centro.
 - En xeral, todas aquelas actividades non especificadas anteriormente incluídas dentro da súa profesión ou preparación técnica.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Recursos para a atención á diversidade:
 - Recursos humanos:
 - **A familia como recurso** (art. 83 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado **considéranse un recurso imprescindible** no que representa o desenvolvemento integral das alumnas e dos alumnos, **polo que deberán colaborar na promoción da súa autonomía, do seu esforzo, da súa autoestima, do seu autoconcepto, da súa participación social, da súa vida en convivencia democrática e de todo o que contribúa ao seu desenvolvemento harmónico.**
 - Igualmente, **colaborarán nos procesos da avaliación inicial e da avaliación psicopedagóxica**, cando sexan requiridas.
 - Os **centros docentes deseñarán e desenvolverán iniciativas ou programas escola-familia** que faciliten formación e o asesoramento ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais do alumnado no que atinxe ao seu labor educativo e á súa colaboración e participación na vida dos propios centros.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Recursos para a atención á diversidade:
 - Outros recursos:
 - Centros de formación e recursos.
 - Persoal destinado en prazas sometidas a convenio (ONCE, aulas de atención hospitalaria, profesorado de atención domiciliaria ...).
 - Plans e programas publicados pola Administración educativa relacionados coa atención á diversidade (PROA+, CPIInclúe, ACOMPAÑA, ...).
 - Protocolos publicados pola Administración educativa relacionados coa atención á diversidade.
 - Convenios suscritos pola Administración educativa relacionados coa atención á diversidade.
 - Bolsas e axudas ao estudo para alumnado NEAE.
 - ...

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Os CEE como centros de referencia e apoio** (art. 84 da Orde do 8 de setembro):
 - **Os CEE que determine a Consellería constituiranse como centros de referencia e apoio**, ou centros de recursos, de conformidade co art. 20 do Decreto 229/2011.
 - Como centros de referencia e apoio, os **CEE desenvolverán as seguintes funcións:**
 - **a) Actuar de repositorio de material** bibliográfico e tecnolóxico especializado, así como de **equipamento específico para determinadas discapacidades**.
 - **b) Asesorar os centros ordinarios nas respostas educativas inclusivas** para o alumnado con NEE.
 - **c) Colaborar** cos centros docentes ordinarios **na utilización de recursos tecnolóxicos, especialmente** no que ten que ver cos **SAAC**.
 - **d) Coordinarse co EOE**, tanto na **difusión do material específico**, como no xeito de **pólo ao dispor do alumnado con NEE dos centros ordinarios**.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Os CEE como centros de referencia e apoio** (art. 84 da Orde do 8 de setembro):
 - Nos **CEE** que funcionen como centros de referencia e apoio constituirase un **equipo de recursos**, conformado por unha persoa do equipo directivo, a xefatura do DO e o profesorado que determine a dirección do centro.
 - Ese **equipo** encargarse de **dar cumprimento** ás funcións, **elaborando** os **protocolos** necesarios para o seu desenvolvemento; que difundirá entre os centros docentes e os EOE.
 - Ese **equipo** será o **responsable de inventariar e realizar o seguimento** de todo o material que conforma o seu repositorio.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Os CEE como centros de referencia e apoio** (art. 84 da Orde do 8 de setembro):
 - O **procedemento para o acceso** ou o uso do **material específico dos CEE** que funcionen como centros de referencia e apoio, por parte de **alumnado con NEE** dos centros docentes ordinarios, é o seguinte:
 - a) **Solicitud** do material necesario por parte da dirección do centro ordinario á **Inspección Educativa**, xunto cun informe xustificativo realizado pola XDO.
 - b) **Valoración** do solicitado por parte do **EOE**.
 - c) **Resolución do Servizo Territorial de Inspección Educativa** sobre o solicitado, e traslado desa resolución ao centro solicitante e ao CEE.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Recursos para a atención á diversidade:**
 - **Os CEE como centros de referencia e apoio** (art. 84 da Orde do 8 de setembro):
 - O material específico do CEE que se facilitase a alumnado con NEE dos centros ordinarios devolverase ao correspondente CEE. En consecuencia, a/o alumna/o manterá o recurso mentres permaneza no sistema educativo.
 - Ao remate de **cada curso escolar, o equipo de recursos do CEE elaborará unha memoria** na que recolla as accións desenvolvidas como centro de recursos. **Esa memoria trasladarase**, por parte da dirección do centro, **ao Servizo Territorial de Inspección Educativa, e á Xefatura Territorial e á Consellería.**

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Plan xeral de atención á diversidade:
 - Proxecto educativo (art. 121 da LOMLOE):
 - O proxecto educativo recollerá, polo menos, a forma de atención á diversidade do alumnado, medidas relativas á acción tutorial, os plans de convivencia e de lectura e deberá respectar os principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios recollidos nesta Lei e na LODE, especificando as medidas académicas que se adoptarán para favorecer e formar na igualdade particularmente de mulleres e homes.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Plan xeral de atención á diversidade:

- **Concepto (art. 71 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - De conformidade co art. 10 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, o Plan xeral de atención á diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade á que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro docente diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Plan xeral de atención á diversidade:
 - Contido (art. 72 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - O Plan xeral de atención á diversidade representa o deseño e a organización dun centro docente, dentro da súa autonomía e segundo as súas características, para atender, considerando os principios de equidade e inclusión, a totalidade do seu alumnado.
 - No Plan xeral de atención á diversidade deben facerse explícitas as circunstancias do centro docente, o xeito de entender e de atender as singularidades de cada alumna e de cada alumno, o conxunto de medidas e/ou programas cos que conta para facer realidade a equidade en contextos metodolóxicos inclusivos, a optimización na distribución e/ou organización dos recursos, o compromiso de asesoramento e de colaboración coas familias, e as formas de realizar o seguimento e a avaliación de todos os seus plans, proxectos e/ou programas.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Estrutura (art. 12 do Decreto 229/2011):**
 - Xustificación baseada no contexto.
 - Identificación e valoración das necesidades.
 - Determinación dos obxectivos.
 - Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.
 - Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.
 - Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas.
 - Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.
 - Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.
 - Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.
 - Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Xustificación baseada no contexto:**
 - Descrición do centro: localización, ensinanzas, proxectos, plans, programas ...
 - Características do alumnado escolarizado (especialmente do alumnado NEAE).
 - Medidas de atención á diversidade necesarias.
 - Recursos humanos, materiais e a súa organización.
 - Posibilidades da contorna (educativas, sociosanitariarias, culturais ...).
 - ...

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Identificación e valoración das necesidades:**
 - **Para a identificación de necesidades deberase partir:**
 - Da avaliación inicial e, de ser o caso, da avaliación psicopedagóxica.
 - Da información aportada polas familias ou polos centros de procedencia.
 - Dos informes e achegas do profesorado, dos servizos de orientación ou dos servizos sociosanitarios, entre outros.
 - **Valoración das principais necesidades referidas a:**
 - Necesidade de recursos humanos (profesorado ordinario con dispoñibilidade horaria, especialista en PT/AL ...).
 - Necesidade de colaboración doutros profesionais (persoal auxiliar coidador, intérprete de lingua de signos, persoal educador, persoal sanitario...).
 - Necesidade de coordinación e formación do profesorado.
 - Necesidade de colaboración e implicación das familias.
 - Necesidade de colaboración con servizos externos, institucións ...
 - Necesidade de colaboración entre os axentes implicados.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Determinación dos obxectivos (I):**
 - **Obxectivos xerais:**
 - Ofrecer unha resposta educativa inclusiva e axeitada á diversidade do alumnado escolarizado no centro educativo, contemplando os axustes que sexan precisos.
 - Fomentar a implicación dos órganos de goberno e de participación do centro na elaboración, desenvolvemento e avaliación do PXAD.
 - Potenciar actuacións coordinadas dos axentes implicados na atención á diversidade: familia, alumnado, profesorado, persoas titoras, persoas orientadoras, profesorado de apoio, equipo directivo, recursos especializados...

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Determinación dos obxectivos (II):**
 - **Obxectivos específicos referidos ao centro educativo:**
 - Diseñar programas e actuacións de carácter preventivo para a atención á diversidade.
 - Planificar propostas educativas diversificadas e adaptadas ás necesidades do alumnado escolarizado.
 - Utilizar metodoloxías variadas que faciliten o acceso ao currículo do alumnado desde unha perspectiva inclusiva.
 - Optimizar a utilización dos recursos humanos, materiais e a súa organización.
 - Promover a comunicación, colaboración e coordinación entre os distintos profesionais do centro, e destes con outros profesionais, institucións e asociacións externas ao centro.
 - Potenciar a comunicación e coordinación coas familias implicándoas na educación das súas fillas e dos seus fillos.
 - Promover a formación permanente do profesorado na atención á diversidade e na inclusión.
 - **Obxectivos específicos referidos ao ámbito familiar:**
 - Participar activamente no proceso educativo dos seus fillos ou das súas fillas.
 - **Obxectivos específicos referidos á contorna:**
 - Fomentar a coordinación con institucións, asociacións ou organismos externos ao centro na aplicación de medidas de atención á diversidade que favorezan a inclusión.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade:**
 - Axustes necesarios a **nivel de centro, aula e individual** para alumnado NEAE.
 - **Plans de acollida**, dentro do PAT, especialmente os dirixidos ao alumnado NEAE.
 - Acordos para a **distribución do alumnado NEAE** entre os diferentes grupos.
 - Acordos para a **asignación de titorías** ao profesorado.
 - Acordos sobre a **avaliación inicial**, especialmente do alumnado NEAE, e derivación, se procede, ao DO para a realización da **avaliación psicopedagóxica**.
 - Acordos sobre a **distribución dos recursos** para a atención ao alumnado NEAE.
 - Acordos consensuados para a **aplicación de medidas de atención á diversidade** (especialmente medidas extraordinarias para alumnado con NEE/NEAE).
 - Acordos para a **organización das principais medidas de atención á diversidade** que se poñan en marcha no centro educativo.
 - **Plans e programas** para a atención á diversidade.
 - **Protocolos** ou pautas de intervención co alumnado con NEAE.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Descrición de actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade: Medidas ordinarias (arts. 43-53 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - Adecuación da **estrutura organizativa do centro**, e da **organización e a xestión da aula** ás características do alumnado.
 - **Adecuación das programacións didácticas.**
 - **Metodoloxías que favorezan a inclusión:** traballo colaborativo, tutoría entre iguais, traballo por proxectos...
 - **Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.**
 - **Aula de atención educativa e convivencia.**
 - **Reforzo educativo e apoio do profesorado** con dispoñibilidade horaria.
 - Programas de **enriquecemento curricular.**
 - **Plan específico para o alumnado de EP** que permaneza un ano máis no mesmo curso.
 - **Plan de reforzo para o alumnado de ESO** que promocioe con materias sen superar.
 - **Plan específico personalizado para o alumnado de ESO** que permaneza un ano máis no mesmo curso.
 - **Programas de habilidades e competencias sociais.**

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Descrición de actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade:**
Medidas extraordinarias (arts. 55-70 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - Adaptacións curriculares.
 - Agrupamentos flexibles.
 - Apoio do profesorado especialista en PT e/ou en AL.
 - Flexibilización da duración do período de escolarización.
 - Programas de diversificación curricular.
 - Atención educativa domiciliaria e/ou hospitalaria.
 - Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.
 - Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
 - Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
 - Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.
 - Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
 - Grupos de adquisición de linguas.
 - Grupos de adaptación da competencia curricular.
 - Atención educativa a mozas embarazadas.
 - ...

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas:**
 - Criterios para a proposta de medidas de atención á diversidade (especialmente das medidas extraordinarias).
 - Criterios para organizar a atención ao alumnado NEAE por parte do profesorado ordinario con dispoñibilidade horaria.
 - Criterios para a organización dos apoios do profesorado especialista en PT/AL (priorización das intervencións, dentro ou fóra da aula...).
 - Criterios para a organización da intervención do persoal auxiliar coidador, ILS...
 - Criterios para a organización da atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria.
 - Criterios para a atención ao alumnado en modalidade de escolarización combinada (coordinación cos centros/unidades de EE).
 - Criterios para a utilización dos recursos materiais, especialmente dos máis específicos.
 - ...

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro:**
 - Actuacións referidas ao equipo directivo.
 - Actuacións referidas ao departamento de orientación.
 - Actuacións referidas ao profesorado titor.
 - Actuacións referidas aos equipos docentes/departamentos didácticos.
 - Actuacións referidas ao profesorado de apoio PT/AL.
 - Actuacións referidas a outros profesionais (persoal auxiliar coidador, ILS, persoal educador, persoal sociosanitario...).

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición:**
 - **Mecanismos de coordinación internos:**
 - Do claustro e do consello escolar.
 - Da comisión de coordinación pedagóxica.
 - Dos equipos docentes ou de ciclo e/ou dos departamentos didácticos.
 - Do departamento de orientación.
 - Dos recursos especializados.
 - **Mecanismos de coordinación con outros centros:**
 - Cos centros adscritos.
 - Cos centros de adscrición.
 - Cos CEE, en caso de escolarizacións combinadas.
 - Coa unidade de atención hospitalaria, de ser o caso.
 - ...

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro:**
 - Canles de colaboración coas familias.
 - Canles de colaboración coa inspección educativa.
 - Canles de colaboración co EOE.
 - Canles de colaboración co CFR.
 - Canles de colaboración cos servizos sociais, de saúde...
 - Canles de colaboración con asociacións, institucións ... que colaboran na atención ao alumnado NEAE/NEE.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias:**
 - Protocolo para a realización da avaliación psicopedagóxica.
 - Protocolo para a realización das adaptacións curriculares.
 - Protocolo para a solicitude de autorización de PDC.
 - Protocolo para a solicitude de agrupamentos flexibles.
 - Protocolo para a organización dos apoios, especialmente de PT/AL.
 - Protocolo para atención do persoal auxiliar coidador, ILS...
 - Protocolo para a flexibilización da duración do período de escolarización.
 - ...

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Anexos (I):**
 - Protocolo de demanda para a intervención do DO/EOE.
 - Protocolo de demanda de avaliación psicopedagóxica.
 - Protocolo de seguimento do alumnado en modalidade de escolarización combinada.
 - Protocolo de seguimento do alumnado en atención educativa domiciliaria/hospitalaria.
 - Modelo de cuestionario para as familias de alumnado NEAE de novo ingreso no centro.
 - Modelo para a realización da avaliación da competencia curricular.
 - Modelo de informe psicopedagógico e de ditame de escolarización.
 - Modelo de información ás familias das medidas de atención á diversidade.
 - Modelos de actas para o seguimento das medidas de atención á diversidade.
 - Modelos de informes individualizados das medidas de atención á diversidade (AC, RE, PDC, agrupamentos flexibles...).

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Anexos (II):**
 - Directrices para a elaboración do Plan específico para o alumnado de EP que permaneza un ano máis no mesmo curso.
 - Directrices para a elaboración do Plan de reforzo para o alumnado de ESO que promocióne de curso con materias sen superar.
 - Directrices para a elaboración do Plan específico personalizado para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso.
 - Directrices para a elaboración dos programas de intervención e dos informes individuais de cada alumno/a por parte do profesorado especialista en PT/AL.
 - Pautas xerais de actuación co alumnado con NEAE/NEE (altas capacidades, discapacidade sensorial, discapacidade motora, ...).
 - Pautas xerais de actuación do persoal auxiliar coidador, ILS...
 - Programa/s de habilidades e competencias sociais.
 - ...

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Procedemento de elaboración e aprobación (art. 73 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - **A elaboración do PXAD**, de conformidade co art. 11 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, é **competencia do DO** de cada centro docente, de acordo coas **directrices da CCP** e as **achegas dos equipos e/ou departamentos**.
 - **A aprobación do PXAD** compete ao **consello escolar** do centro docente, logo da **proposta do claustro de profesorado**, entendendo esta proposta como informe favorable.
 - Logo de **aprobado**, o PXAD pasará a **formar parte do proxecto educativo** do centro.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Concreción anual (art. 74 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - Por **concreción anual do PXAD** enténdese o **desenvolvemento anual** que cada centro docente realiza dese plan.
 - A **proposta de concreción anual do PXAD** será elaborada, para cada curso académico, polo departamento de orientación.
 - Esta proposta **entregarase á dirección** do centro para a súa **incorporación á programación xeral anual**.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan xeral de atención á diversidade:**
 - **Seguimento e avaliación do PXAD (art. 75 da Orde do 8 de setembro de 2021):**
 - Realizarase, para **cada curso**, sobre a **concreción anual** de dito plan.
 - **Só se modificará o PXAD** no caso de que as **propostas de mellora**, recollidas na memoria anual, **así o consideren**.
 - O **seguimento** realizarase **trimestralmente**, por parte do DO.
 - Os **informes de seguimento** daranse a coñecer ao claustro e entregaranse á dirección do centro para a súa incorporación ao seguimento da PXA.
 - A **avaliación da concreción anual** realizarase á finalización de cada curso escolar, por parte do DO. O informe darase a coñecer ao claustro e entregarase á dirección para a súa incorporación á memoria anual.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Plan xeral de atención á diversidade:
 - Supervisión do PXAD e da súa concreción anual (art. 76 da Orde do 8 de setembro de 2021):
 - A supervisión dos procesos de elaboración, desenvolvemento e avaliación do PXAD e da súa concreción anual corresponde aos Servizos Territoriais de Inspección Educativa.
 - **Igualmente**, corresponde a eses servizos o **asesoramento** que necesiten os **centros docentes** para eses procesos.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Definición de acoso escolar:**
 - Calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo recibida por un alumno ou unha alumna por parte dun, dunha ou de máis iguais, de carácter verbal, físico ou psicológico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza.
 - Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.
 - **Definición de ciberacoso escolar:**
 - Modalidade de acoso producido a través das TRIC, como poden ser a mensaxería instantánea, as redes sociais ou internet en xeral. Pode incluír a difusión de rumores a través da rede, a publicación de información falsa, a suplantación da identidade, o acoso sexual ou o envío de mensaxes ameazantes, humillantes ou insultantes a través de internet, entre outros comportamentos.
 - https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/plan_integral_contra_o_acoso_e_o_ciberacoso_escolar_1.pdf

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Características:**
 - Continuidade no tempo.
 - Desigualdade.
 - Intencionalidade.
 - Personalización.
 - Repetición.
 - Indefensión.
 - Humillación.
 - Rexeitamento.
 - Invisibilidade.
 - Inhibición das persoas observadoras.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Consecuencias:**
 - **Para as persoas acosadoras:**
 - Condutas gravemente perxudiciais para a convivencia do centro (art. 39 do Decreto 8/2015).
 - Tramitación do procedemento corrector.
 - **Para as vítimas:**
 - Problemas de saúde mental.
 - Falta de interese.
 - Dificultades á hora de socializar.
 - Illamento social.
 - Condutas autolíticas.
 - **Para as persoas espectadoras:**
 - Adopción de actitudes pasivas.
 - Adopción de actitudes semellantes ás da persoa agresora.
 - Sentimentos de culpa e remordemento.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Sinais de alarma:**
 - **Nas vítimas:**
 - Cambios no estado de ánimo.
 - Síntomas somáticos.
 - Evidencias físicas de acoso.
 - Deterioro das habilidades sociais.
 - Problemas de atención e/ou concentración.
 - Falta de interese ou negativa de asistir ao centro educativo.
 - Comportamentos característicos.
 - Falta de motivación á hora de realizar actividades cotiás.
 - Alteracións do apetito e do sono.
 - Cambio de hábitos na rede.
 - Sensación de malestar e/ou cambios de humor repentinos.
 - Reticencia a falar.
 - Medo ou ansiedade,
 - Rexeitamento a tratar temas relacionados co acoso ou o ciberacoso escolar.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Sinais de alarma:**
 - **Nas persoas acosadoras:**
 - Negativa cara á relación.
 - Actitudes de hostilidade.
 - Xustificación de actitudes violentas.
 - Uso excesivo das TRIC.
 - Carencia de normas na rede e de supervisión.
 - Xustificación da violencia a través de internet.
 - Condutas delictivas na rede.
 - Antecedentes de agresión.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Prevención nos centros:**
 - A aparición e o desenvolvemento de condutas e accións que poidan considerarse violentas ou de acoso non responde a unha única causa, e por iso deben previrse desde todos os sectores da comunidade escolar.
 - O traballo de prevención esixe o compromiso de todas as persoas vinculadas ao centro educativo e debe ser liderado polo equipo directivo no marco do plan de convivencia.
 - Entre as **medidas preventivas** salientanse
 - as de carácter xeral, que van orientadas sobre todo á mellora xeral da convivencia do centro;
 - as formativas, dirixidas á formación e á información de todas as persoas integrantes da comunidade educativa;
 - as organizativas, que facilitan a convivencia no centro;
 - e as de aula, que normalmente se aplican a nivel de grupo clase ou de xeito individual, a través da titoría individual.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Medidas xerais de prevención:**
 - Creación da comisión de convivencia (art. 6 do Decreto 8/2015).
 - Adecuación do plan de acción tutorial.
 - Optimización dos órganos colexiados:
 - Consello escolar, claustro, CCP ...
 - Promoción da participación dos distintos sectores da comunidade educación na actualización das NOFC.
 - Configuración de estruturas organizativas e directivas.
 - Desenvolvemento de actuacións preventivas:
 - Plan de acollemento, plan xeral de atención á diversidade, actividades complementarias e extraescolares.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Medidas formativas e informativas:**
 - Fomento da participación nos PFPP relacionados coa convivencia e resolución de conflitos.
 - Sesións formativas relacionadas coa prevención, detección e intervención en situacións de acoso e ciberacoso para PAS, PAC, persoal do servizo de comedor e transporte escolar ...
 - Promoción de encontros, conferencias e obradoiros para toda a comunidade educativa.
 - Creación dunha sección específica na web do centro con recursos, ligazóns e documentos.
 - Realización de campañas de sensibilización contra o acoso e o ciberacoso escolar.
 - Divulgación de orientacións básicas sobre o acoso e o ciberacoso escolar.
 - Actuacións de información, formación e sensibilización a todo o alumnado.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Medidas organizativas:**
 - Establecemento de criterios de designación de persoas titoras.
 - Implantación de criterios de agrupamento de alumnado.
 - Fixación de mecanismos de coordinación entre etapas educativas.
 - Mellora do ecosistema escolar.
 - Creación de canles para informar das situacións de acoso e ciberacoso escolar con garantías de confidencialidade.
 - Constitución do equipo ACAE.
 - Fomento da constitución de grupos de alumnado colaborador co equipo ACAE.
 - Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
 - Inclusión na planificación do PAT de aspectos relacionados co recoñecemento do acoso ou ciberacoso escolar.
 - Sinalización do Punto Laranxa contra o acoso e o ciberacoso escolar físico e virtual.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Medidas educativas a nivel de aula:**
 - Promoción do uso de ferramentas que permitan a detección do acoso ou ciberacoso escolar.
 - Emprego de prácticas restaurativas.
 - Impulso da tutoría individual e grupal.
 - Mantemento, por medio da tutoría individualizada, dunha relación directa co alumnado.
 - Utilización das sesións de tutoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso ou ciberacoso.
 - Fomento, a través da acción titorial, dos contactos periódicos coas familias.
 - Elaboración, conxuntamente co alumnado, das normas básicas de convivencia na aula.
 - Traballo en grupo das habilidades sociais e destrezas para a xestión de emocións.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Intervención:**
 - A dirección do centro recibirá a comunicación dos feitos. Realizará a comunicación ás familias.
 - **O equipo ACAE xestionará todas as demais actuacións posteriores á comunicación dos feitos. Estará formado por:**
 - Xefatura do departamento de orientación.
 - Coordinador/a de benestar e convivencia.
 - Un/ha docente nomeado/a pola dirección do centro para cada caso en función do alumnado implicado, que será a persoa instrutora do procedemento corrector, de ser o caso.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Funcións do equipo ACAE:**
 - Revisión diaria e filtraxe das posibles denuncias no Punto Laranxa.
 - Rexistro e comunicación dos feitos ante a dirección do centro.
 - Comprobación da veracidade dos feitos comunicados.
 - Determinación da existencia de indicios de acoso.
 - Apertura, de ser o caso, dunha investigación.
 - Adopción, de ser necesario, de medidas inmediatas.
 - Elaboración do ditame derivado da investigación.
 - Apertura, se procede, do protocolo.
 - Reunión coas persoas implicadas.
 - Pechamento, cando proceda, do protocolo.
 - Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Intervención:**
 - **Fase 1. Comunicación dos feitos e primeiras valoracións (anexo 1, 2, 3):**
 - Rexistro de comunicación dos feitos.
 - Constitución do equipo ACAE.
 - Primeira valoración dos feitos comunicados.
 - **Fase 2. Investigación e ditame (anexo 4, 5):**
 - Investigación.
 - Entrevista coas persoas implicadas.
 - Datos da persoa á que se lle ofrece ser acompañante durante a entrevista.
 - Nomeamento da persoa responsable de atención á presunta vítima.
 - Ditame.
 - **Fase 3. Apertura do protocolo (anexo 6, 7):**
 - Comunicación ás familias e á inspección educativa de apertura do protocolo de acoso e ciberacoso escolar.
 - Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou dos/as representantes legais.
 - **Fase 4. Pechamento do protocolo (anexo 8):**
 - Comunicación do pechamento do protocolo.
 - **Fase 5. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas (anexo 9)..**

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Recomendacións:**
 - **Actuacións coa vítima:**
 - Garantir protección, seguridade e apoio emocional.
 - Manter, modificar ou ampliar as medidas inmediadas de protección.
 - Introducir medidas de reforzo e autoestima.
 - Realizar titorías individualizadas.
 - Abordar o estrés postraumático, derivar aos servizos sanitarios, de ser o caso.
 - Crear unha rede de apoio ampla ou círculo social e de relación entre iguais.
 - Acompañar por grupos de compañeiros/as previamente formados/as.
 - Separar fisicamente do alumnado acosador.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Recomendacións:**
 - **Actuacións coas persoas agresoras:**
 - Actuacións educativas na aula de convivencia do centro.
 - Inicio do procedemento corrector.
 - Tutorías individualizadas.
 - Claridade na mensaxe de tolerancia cero con calquera conduta contraria á convivencia.
 - Reparación e compensación de danos causados.
 - Programas de colaboración e cooperación (tarefas de aprendizaxe-servizo), de manexo e control da agresividade e da ira, de habilidades sociais, de empatía, etc.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Recomendacións:**
 - **Actuacións coas persoas espectadoras:**
 - Tarefas de reflexión e análise das consecuencias persoais e sociais da unión e grupos con condutas contrarias á convivencia, do consentimento e do silencio entre estas.
 - Tarefas relacionadas co deber persoal e social de denuncia de situacións de acoso e as consecuencias de non facelo.
 - Programa cooperación e colaboración (tarefas de aprendizaxe-servizo).
 - Conciencia sobre o uso do Punto Laranxa contra o acoso e o ciberacoso escolar.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Recomendacións:**
 - **Actuacións coas familias:**
 - Realizar un seguimento e acordar un calendario de reunións ou contactos.
 - Achegar pautas de actuación e hábitos adecuados.
 - Informar sobre posibles apoios externos e o seguimento destes.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar:**
 - **Recomendacións:**
 - **Actuacións co equipo docente:**
 - Unificar os criterios de observación, seguimento e actuación.
 - Orientacións sobre como intervir positivamente na situación e como facer a observación e o seguimento desta.
 - Intervención e/ou pautas orientadoras para a abordaxe do caso na aula.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de prevención e actuacións nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil:**
 - **Obxectivos xerais:**
 - Implantar medidas de prevención das condutas suicidas na poboación escolar.
 - Estructurar as actuacións concretas a nivel educativo e sanitario para desenvolver diante dunha conduta suicida.
 - www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_risco_suicida-v.12.pdf

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de prevención e actuacións nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil:**
 - **Concreción dos obxectivos xerais:**
 - Incorporación dun modelo de prevención universal do suicidio baseado na evidencia científica (YAM).
 - Identificación de factores de risco e protección no alumnado por medio dunha enquisa de saúde.
 - Actualización e protocolización das actuacións diante dunha conduta suicida.
 - Creación dunha vía rápida de derivación para o alumnado de risco moderado e alto.
 - Creación do programa especial Código “Agarimo” dentro do sistema Alerta Escolar para a atención do risco suicida.
 - Protocolización das accións de acollida tras dun intento.
 - Protocolización das accións de posvención tras dun falecemento por suicidio.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de prevención e actuacións nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil:**
 - **Prevención:**
 - **YAM:**
 - Intervención grupal con rol playing. Está estruturado como intervención breve (5 sesións de 1 hora) centrado na resolución de problemas polos propios pares).
 - **Enquisa de saúde:**
 - Cuestionario de capacidades e dificultades.
 - Cuestionario de estado de ánimo e sentimentos (MFQ).
 - Cuestionario risco de suicidio.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de prevención e actuacións nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil:**
 - **Intervencións:**
 - Calquera verbalización ou ideación suicida, tanto se provén da persoa en risco como se nos chega por medio de terceiras persoas, deberá ser comunicada inmediatamente á dirección do centro para que tome medidas urxentes en función de:
 - Axitación ou falta de colaboración. Chamar ao 061.
 - Se colabora. Entrevista co/a alumno/a.
 - Se presenta risco leve. Derivación a atención primaria.
 - Se presenta risco moderado. Derivación a atención primaria.
 - Se presenta risco grave. Chamar a 061 para derivación a urxencias de valoración psiquiátrica.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de prevención e actuacións nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil:**
 - **Intervencións:**
 - **Intento de suicidio dentro do centro:**
 - Poñerse en contacto co 061 e comunicalo á dirección do centro.
 - Os profesionais do 061 valorarán a gravidade da situación, os recursos que cómpre mobilizar e a actuación pertinente.
 - O equipo directivo comunicarlle a conduta autolesiva á familia e á inspección educativa.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de prevención e actuacións nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil:**
 - **Intervencións:**
 - **Código Agarimo:**
 - Alerta Escolar é un conxunto organizado de accións que pretende achegar unha atención sanitaria inmediata e eficaz a todo o alumnado menor de 16 anos, inicialmente destinado a persoas que padecen patoloxías crónicas susceptibles de descompensación con compromiso vital.
 - Dentro de Alerta Escolar créase o Programa Código Agarimo que comprenderá un rexistro de casos de risco suicida e incluírá os informes dos profesionais de saúde mental con recomendacións de actuación en caso de urxencia.
 - Para a inclusión en alerta escolar é necesario que a familia achegue o informe do equipo de saúde mental coas actuacións recomendadas en caso de urxencia.
 - O centro escolar cubrirá un informe en liña. Nese documento requirirase a autorización dos proxenitores.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de prevención e actuacións nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil:**
 - **Intervencións:**
 - **Vía rápida. Saúde mental:**
 - O alumnado que non estea en seguimento e sexa identificado como de risco moderado ou alto (Mini>5) debe ser avaliado a nivel sanitario por pedriatría/medicina de familia que valorará a necesidade de derivación a saúde mental por vía rápida ou preferente.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de prevención e actuacións nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil:**
 - **Intervencións:**
 - **Acollida despois dun intento de suicidio:**
 - Reunión previa coa familia por parte do DO.
 - Reunión co/a alumno/a.
 - Organización previa do grupo clase.
 - Planificación da entrada na aula.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de prevención e actuacións nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil:**
 - **Intervencións:**
 - **Orientacións para traballar co equipo docente:**
 - Coordinar as actuacións educativas docentes e consensuar o trato dirixido ao/á alumno/a.
 - Proporcionar unha información mínima ao persoal de garda e ao persoal non docente.
 - De ser necesario, solicitarase a intervención do EOE.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de prevención e actuacións nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil:**
 - **Recomendacións para a intervención urxente:**
 - Protexer a seguridade do alumno/a e da súa contorna.
 - Avisar a 061, se procede, e ao equipo directivo.
 - Socorrer, seguindo os principios dos primeiros auxilios.
 - **Posvención:**
 - Elaboración do proceso de dó nos centros educativos.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de prevención e actuacións nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil:**
 - **Posvención:**
 - **Elaboración do proceso de dó nos centros educativos:**
 - Coordinación da dirección do centro, co asesoramento do equipo de orientación e do/da titor/a.
 - Contrastar os feitos antes de transmitir a información á comunidade educativa.
 - Contactar coa familia de cara a desenvolver as accións oportunas para o proceso de loito.
 - A intervención do EOE, de ser solicitada, será de asesoramento indirecto.
 - Priorizarase o protagonismo do profesorado que teña maior proximidade e se relacione habitualmente co grupo.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - **Disposición adicional vixésimo terceira da LOMLOE:**
 - 1. Os centros educativos poderán solicitar os datos persoais do seu alumnado que sexan necesarios para o exercicio da súa función educativa. Os devanditos datos poderán facer referencia á orixe e ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aquelas outras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos.
 - 2. Os pais ou titores e os propios alumnos deberán colaborar na obtención da información á que fai referencia este artigo. A incorporación dun alumno a un centro educativo suporá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, no seu caso, a cesión de datos procedentes do centro no que estivese escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos. En todo caso, a información á que se refire este apartado será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non podendo tratarse con fins diferentes do educativo, sen consentimento expreso.
 - https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_de_proteccion_de_datos_persoais_out22.pdf

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - Polo tanto, non será preciso o consentimento para o tratamento dos datos persoais do alumnado que sexan necesarios para o exercicio da función educativa e orientadora. Os proxenitores están obrigados por lei a colaborar na obtención da información.
 - Sen prexuízo do anterior, deben terse en conta as seguintes precisións:
 - Os datos así recollidos non poderán usarse para finalidades distintas das previstas na norma.
 - A exclusión da necesidade de consentimento que fai a LOMLOE nestes casos non implica a exclusión do deber de información, polo que deberá incluírse sempre a cláusula informativa necesaria relativa ás condicións de tratamento dos datos persoais.
 - En todos os demais supostos de tratamento de datos do alumnado ou das súas familias non incluídos na función educativa e orientadora, será preciso solicitar o consentimento das persoas afectadas ou acudir a outra base lexitimadora adecuada.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - **Peculiaridades do consentimento outorgado por persoas menores de idade:**
 - Poderá solicitarse o consentimento para o tratamento dos seus propios datos persoais ás persoas maiores de 14 anos, incluídos os datos relativos á súa propia imaxe.
 - No caso de persoas menores de 14 anos requirirase sempre o consentimento dos pais/nais ou tutores/as.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - **Traslado de expediente por cambio de centro educativo:**
 - A disposición adicional vixésimo terceira da LOMLOE, no seu parágrafo segundo, establece que “a incorporación dun alumno a un centro docente suporá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, no seu caso, a cesión de datos procedentes do centro no que estivese escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos.
 - En todo caso, a información á que se refire este apartado será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non podendo tratarse con fins diferentes do educativo sen consentimento expreso”.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - **Traslado de expediente por cambio de centro educativo:**
 - Nos supostos de cambio de centro educativo, o centro de orixe pode remitir o expediente ao centro de destino, por petición expresa deste, sen necesidade de recadar o consentimento das persoas afectadas.
 - A comunicación de datos entre centros públicos dependentes da Consellería de CEFPU non se entenderá como unha cesión de datos persoais por tratarse dunha comunicación de datos entre unidades dependentes da mesma responsable do tratamento.
 - A mesma consideración terán as posibles comunicacións ao Equipo de Orientación Específico (EOE).

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - Cesión de datos ao/á Defensor/a del Pueblo ou Valedor/a do Pobo:
 - Intermediación a través da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa e Réxime Xurídico.
 - Cesión ao Ministerio Fiscal e a órganos xudiciais:
 - A comunicación dos datos limitarase á información solicitada polo órgano correspondente.
 - Cesión aos servizos de menores da Consellería competente en materia de Política Social.
 - Cesión aos Servizos sociais municipais:
 - Amparada no interese superior do menor (LO 1/1996 e Lei 3/2011).
 - Cesión aos servizos sanitarios.
 - Cesión ás Forzas e Corpos de Seguridade.
 - Comunicación ás ANPAS e outras entidades ou asociacións.
 - Comunicación aos proxenitores de datos persoais do alumnado maior de idade.
 - Comunicación aos proxenitores de datos doutro alumnado distinto dos seus fillos/as.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - **Petición de informes de parte (proxenitores/ separados, organismos oficiais: Xulgado, Fiscalía, Menores, Imelga...):**
 - Evitar emitir informes de parte.
 - Evitar emitir informes con contido cuxa motivación sexa favorecer ou influír nun cambio centro (escolarización extraordinaria...), agás que a petición se realice desde a inspección educativa ou comisión de escolarización, Xefatura Territorial...
 - En caso de peticións de informe por proxenitores separados tratar de facilitar a mesma información a ambos, cando esta sexa solicitada por cada un deles.
 - Se os datos son solicitados por organismos oficiais, verificar a orixe e lexitimidade da petición: emitir informe respondendo aos asuntos que se solicitan pero con base en información e datos obxectivos.
 - Calquera informe que deba remitirse desde o centro, será enviado pola dirección do mesmo ou co seu coñecemento e autorización.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - **Publicación de datos persoais nos taboleiros e páxinas web dos centros:**
 - As listaxes deberán publicarse o tempo mínimo necesario para cumprir a súa finalidade e deberán retirarse unha vez deixen de resultar necesarias.
 - Cando sexa necesaria a publicación dun acto administrativo que contivese datos persoais dunha pluralidade de persoas afectadas (listaxes de admisión, persoas beneficiarias de bolsas...) estas serán identificadas mediante o nome e apelidos, engadindo catro cifras numéricas do documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro ou documento equivalente.
 - A publicación deberá recoller só o resultado final do baremo, non os resultados parciais que poidan responder a datos ou información sensible ou poñer de manifesto a capacidade económica da familia.
 - A publicación destas listaxes deberá facerse de forma que non supoña un acceso indiscriminado á información, por exemplo, en taboleiros internos do centro non accesibles dende o exterior do recinto educativo ou nunha páxina web con acceso restrinxido ás persoas solicitantes.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - **Consideracións particulares sobre os proxenitores non unidos legalmente por vínculo matrimonial ou análogo:**
 - O proxenitor que non ostente a garda e custodia deberá solicitar esta información por escrito ao centro.
 - Os proxenitores deberán comunicar ao centro educativo calquera modificación das medidas que afecten a patria potestade ou a custodia á maior brevidade posible.
 - Como norma xeral, será suficiente con que un dos proxenitores autorice ás persoas que poderán recibir información do alumno/a. Nos casos de separación legal ou divorcio deberase recadar o consentimento de ambos proxenitores sempre e cando ambos manteñan a patria potestade.
 - En caso de discrepancia entre os proxenitores sobre o acceso á información por parte dunha terceira persoa, o centro non lla facilitará salvo que exista unha decisión xudicial ao respecto ou se chegue a un acordo entre os dous proxenitores e autoricen ambos a comunicación.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - **Consideracións particulares sobre os proxenitores non unidos legalmente por vínculo matrimonial ou análogo:**
 - A patria potestade corresponde a ambos proxenitores, salvo decisión xudicial expresa.
 - Agás que exista unha sentenza ou resolución xudicial que manifeste o contrario, ambos proxenitores teñen dereito á patria potestade, con independencia de que a garda e custodia sexa compartida ou corresponda en exclusiva a un deles.
 - Nos supostos de patria potestade compartida, con independencia de quen ostente a custodia, ambos os dous proxenitores teñen dereito a recibir a mesma información sobre as circunstancias que concorran no proceso educativo do/a menor.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - **Consideracións particulares sobre persoas proxenitoras non unidas legalmente por vínculo matrimonial ou análogo:**
 - Para solicitar información teranse en conta as seguintes pautas:
 - A persoa proxenitora que non ostente a garda e custodia deberá solicitar esta información ao centro, xuntando copia fidedigna da resolución xudicial na que se recolla que ostenta a patria potestade, acompañada dunha declaración responsable de que non se teñen producido variacións respecto a dita resolución xudicial.
 - Para autorización para a captación de imaxes, saídas didácticas ... será suficiente con que asine a autorización a persoa proxenitora que en cada momento ostente a garda e custodia.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - **Consideracións particulares sobre os proxenitores non unidos legalmente por vínculo matrimonial ou análogo:**
 - Para acceso á información relativa ao alumnado (por exemplo titorías):
 - Como norma xeral será suficiente que unha das persoas proxenitoras autorice as persoas que poderán recibir información. Nos casos de separación legal ou divorcio deberase recadar o consentimento de ambos proxenitores sempre e cando ambos manteñan a patria potestade.
 - En caso de discrepancia entre os proxenitores sobre o acceso á información por parte dunha terceira persoa, o centro non lla facilitará salvo que exista unha decisión xudicial ao respecto ou se chegue a un acordo entre os dous proxenitores e autoricen ambos a comunicación.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - **Consideracións particulares sobre os diferentes perfís:**
 - **Profesorado e titorías:**
 - O profesorado titor tan só transmitirá ao equipo docente aquela información necesaria para o exercicio da docencia no seu ámbito de traballo.
 - Toda a documentación, incluídas copias, que obren en poder do profesorado e que conteña datos persoais, deberá estar convenientemente gardada e sempre fóra da vista do alumnado e das familias.
 - Na custodia de documentos únicos, como actas de avaliación ou xustificantes de ausencia, seguir as instrucións recollidas nas NOFC.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - **Consideracións particulares sobre os diferentes perfís:**
 - **Equipo directivo:**
 - A persoa que exerce a dirección do centro disporá que se sigan os procedementos establecidos e que se garantan os dereitos das persoas en materia de protección de datos. Seguirá as instrucións da persoa responsable do tratamento e, para o non previsto nelas, o determinado con carácter xeral pola lexislación.
 - Na planificación do funcionamento ordinario dos centros terase en conta que este dispoña dos recursos de custodia axeitados: pechaduras naquelas portas e armarios que o requiran e custodia das chaves correspondentes, acceso aos ordenadores mediante perfil protexido con contrasinal, procedementos de destrución de papel axeitados, etc.
 - A persoa que exerce a secretaría do centro será a encargada, por delegación da dirección, da custodia documental.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - **Consideracións particulares sobre os diferentes perfís:**
 - **Departamento de orientación:**
 - Os DO manexan información que contén datos persoais de categorías especiais na meirande parte dos casos.
 - As persoas interesadas poderán acceder ao expediente de orientación coas consideracións establecidas con carácter xeral polo que é importante que se eviten as cuestións de apreciación persoal/profesional ou notas e documentos que conteñan datos de terceiras persoas (outro alumnado, outras familias, persoal do centro...).
 - Cando se traslade un expediente por cambio de centro farase unha relación completa da documentación trasladada, que se gardará no centro xunto co último informe psicopedagóxico dispoñible, de habelo, a modo de copia de seguridade e para manter a unidade documental.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - **Consideracións particulares sobre os diferentes perfís:**
 - **Departamento de orientación:**
 - O coñecemento e custodia da información psicopedagóxica corresponde á xefatura do departamento de orientación, polo que non poderá nin deberá facilitar ao equipo docente máis datos que os estritamente necesarios para exercer a súa función educativa.
 - O informe psicopedagóxico, ou un extracto del, debe trasladarse ao expediente académico do alumno ou alumna.
 - O traslado fóra do centro educativo de documentación en formato papel que conteña datos persoais farase de xeito seguro, en sobre pechado con selo de Confidencial.
 - O traslado de documentación dirixida á persoa interesada ou ás que a representan legalmente, realizarase tamén en sobre pechado co selo de Confidencial.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - **Consideracións particulares sobre os diferentes perfís:**
 - **Familias:**
 - Forma parte das obrigas familiares facilitar a información necesaria para o proceso educativo e orientador, en virtude da DA 23ª da LOMLOE.
 - Os centros educativos están obrigados á custodia destes datos, a facilitar ás persoas interesadas o acceso a eles e a garantir que se usen para o fin para o que foron recadados.
 - As familias están obrigadas a manter a calidade dos datos achegados polo que, cando haxa unha modificación deberán trasladar esta información á maior brevidade posible ao centro educativo.

ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Protocolo de protección de datos persoais:**
 - **Consideracións particulares sobre os diferentes perfís:**
 - **Alumnado:**
 - Todo o manifestado respecto ás familias é de aplicación no caso de alumnado maior de 14 ou 18 anos (segundo proceda en función do procedemento), incluída a obriga de manter a calidade dos datos que se facilitan ao centro, a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso e o acceso ao seu expediente.

Grazas pola vosa atención

M.^a Magdalena Duarte Blanco

e-mail: mdb@edu.xunta.gal

Teléfono: 981-184488